Acta da sesión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do día 4 de setembro de 2024

[PLG/MSGN]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, o día 4 de setembro de 2024, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Julio García Comesaña
(Presidente)
Roberto Rodríguez Martínez
(Vicepresidente)
Paloma Castro Rey
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Raquel Arias Rodríguez
(en substitución de Argimiro Marnotes Fernández)
Paula Mouzo Mas
José Alberto Pazos Couñago
Paula Prado del Río
Pablo Javier Prieto Perille
María Felisa Rodríguez Carrera
Katherinie Varela Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
María Cristina Fernández Davila
Óscar Insua Lema
Iago Suárez Fernández
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Iria Taibo Corsanego
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Patricia Iglesias Rey
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Outros intervenientes:
María del Carmen Rodríguez Dacosta

Comparecente:
Directora xeral de Administración Xeral

Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

O señor presidente abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

A señora secretaria abandona o seu posto na Mesa -artigo 82 do Regulamento da Cámara- e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario.

Punto 1. Pregunta

1.1 8101 (12/POC-001465)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 8 máis
Sobre o apoio que a Xunta de Galicia presta aos concellos máis turísticos para a contratación de persoal de policía local
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70f2, do 23.08.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Rodríguez Carrera (P)**, que expón os motivos nos que se basea a formulación das cuestións concretas que figuran na iniciativa, ampliando os expresados por escrito e na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle a **directora xeral de Administración Local (Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes), Natalia Prieto Viso.**

En rolda de réplica, a **señora Rodríguez Carrera (P),** agradece a información detallada e destaca o compromiso da Xunta de Galicia cos concellos máis turísticos.

Pecha o debate desta iniciativa a **directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto Viso,** ampliando a información facilitada na súa intervención anterior.

O señor presidente agradece a presenza e colaboración da señora Prieto Viso cos traballos desta Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse para atender outras obrigas.

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 1749 (12/PNC-000209)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego coa finalidade de que achegue os recursos económicos precisos para a implantación do sistema de gardas de 24 horas con quenda de rotación diaria nos xulgados da Coruña e de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16f2, do 24.04.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Castro Rey (S),** que procede á defensa da proposta expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito e que están publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar -o voceiro do G.P. Mixto declina intervir- o **señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG),** para xustificar o apoio do seu grupo parlamentario á mesma.

Nesta mesma rolda intervén a **señora Varela Fernández (P),** quen, logo de matizar moitas das afirmacións realizadas polos voceiros que o precederon no uso da palabra, motiva o rexeitamento do seu grupo á proposta de referencia.

A **señora Castro Rey (S),** fai uso da rolda de puntualizacións para agradecer o apoio anunciado polo grupo da oposición, logo de amosar a súa discrepancia cos argumentos expostos pola portavoz do grupo maioritario.

2.2 5145 (12/PNC-000624)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis
Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe poñer en marcha co obxecto de mellorar a atención a menores en situación de tratamento terapéutico en réxime pechado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 37f1, do 12.06.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia, (documento número 10382), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

Deseguido o **señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)**, expón os motivos que xustifican a presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Castro Rey (S)**, para explicar o sentido da emenda presentada polo seu grupo aos puntos 1, 3 e 4 do texto resolutivo e defender a importancia da súa aceptación.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes toma a palabra en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo (M),** expresa o voto positivo do grupo ao que representa.

Na mesma rolda fai uso da palabra a **señora Arias Rodríguez (P),** quen, tras amosar diversas discrepancias cos argumentos expostos polos voceiros que o precederon no uso da palabra, defende a postura da Xunta de Galicia.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida o **señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG),** amosa o seu desacordo coas argumentacións expostas pola voceira do grupo maioritario e expón diferentes consideracións a respecto desa postura.

2.3 5746 (12/PNC-000689)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e 2 máis
Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar verbo do conxunto de escolas infantís públicas da comarca da Costa da Morte
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 40f1, do 19.06.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adición por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (documento número 10383), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

O **señor Insua Lema (BNG),** expón os motivos da presentación desta proposición non de lei, ampliando os contidos na súa formulación escrita e publicada no BOPG anteriormente citado.

Na rolda de grupo parlamentario emendante a **señora Iglesias Rey (S),** explica o contido da emenda, ao tempo que anuncia o voto positivo do seu grupo.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes -o voceiro do G.P. Mixto non consume esta rolda- intervén a **señora Arias Rodríguez (P)**, que anuncia o rexeitamento do seu grupo e explica as razóns deste posicionamento.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada o **señor Insua Lema (BNG),** amósase en desacordo coas argumentacións expostas pola voceira do grupo maioritario e motiva a non aceptación da emenda.

Auséntase da sala a señora Iglesias Rey e incorpórase á mesma a señora Rodríguez Dacosta.

2.4 6403 (12/PNC-000765)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a demanda que o Parlamento de Galicia realiza ao Goberno galego en relación coa construción, na cidade de Ourense, dun novo polideportivo que permita a práctica da ximnasia en todas as súas diferentes especialidades
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 46, do 03.07.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adición por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, (documento número 10372), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

Deseguido a **señora Rodríguez Dacosta (S)**, expón os motivos que xustifican a presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén o **señor Suárez Fernández (BNG)**, para explicar o sentido da emenda presentada polo seu grupo que agarda sexa tida en conta.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes toma a palabra en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo (M),** para expresar o voto positivo do grupo ao que representa.

Na mesma rolda fai uso da palabra o **señor Prieto Perille (P),** quen, tras amosar diversas discrepancias cos argumentos expostos polos voceiros que o precederon no uso da palabra, motiva o voto en contra desta iniciativa de impulso ao Goberno.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida a **señora Rodríguez Dacosta (S),** amosa o seu desacordo coas argumentacións expostas polo voceiro do grupo maioritario e sinala que acepta a emenda de engádega presentada.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

2.1 1749 (11/PNC-000209), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: ..... 7 (G.P.BNG+S)
Votos en contra: ..... 9 (G.P.P)
Abstencións: ..... 1 (G.P.M)

2.2 5145 (11/PNC-000624), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Neste intre o propoñente propón unha transacción co texto resolutivo e as engádegas propostas nos puntos 3 e 4 da emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia que se somete a votación. Resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: ..... 8 (G.P.BNG+S+M)
Votos en contra: ..... 9 (G.P.P)
Abstencións: 0

2.3 5746 (11/PNC-000689), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

PARLAMENTO DE GALICIA

Votos a favor: ..... 8 (G.P.BNG+S+M)
Votos en contra: ..... 9 (G.P.P)
Abstencións: 0

2.4 6403 (11/PNC-000765), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal coa engádega do texto proposto na emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: ..... 8 (G.P.BNG+S+M)
Votos en contra: ..... 9 (G.P.P)
Abstencións: 0

Remata a sesión ás 13:05 horas.

Julio García Comesaña
Firmado digitalmente por Julio García Comesaña
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Julio García Comesaña, email=julio.garcia.comesana@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.01 11:11:24 +02'00'

V. e pr.
Julio García Comesaña
Presidente da Comisión

Paloma Castro Rey
Firmado digitalmente por Paloma Castro Rey
Fecha: 2024.10.01 09:55:16 +02'00'

Paloma Castro Rey
Secretaria da Comisión